*Contido:* A Administración pública no marco da sociedade da información. Os actores que concorren no ámbito da administración electrónica. O portelo único. Retos e oportunidades dentro dunha administración dixital

*Código do curso:* PON-10-013

*Denominación:* Programa Arquímedes (CYPE)

*Destinatarios:* persoal da Administración local

*Núm. de edicións:* 1

*Participantes por edición:* 25

*Núm. de horas por edición:* 20

*Metodoloxía:* teórico-práctica

*Modalidade:* presencial

*Lugar de celebración:* Pontevedra

*Data de celebración:* 2º semestre 2010. Do 4 ó 11 de outubro

*Horario:* de tarde

*Obxectivos:* manexar o programa de maneira que permita elaborar medicións, orzamentos, certificacións, bancos de prezos, pregos de condicións e o mantemento do edificio

*Contido:* Elaboración de prezos descompostos. Custos directos e indirectos. Banco de prezos. Xerador de prezos. Pregos de condicións. Modificacións de prezos. Táboas de medición. Medición automática de planos. Certificacións. Revisión de prezos. Comparación de orzamentos. Xestión de residuos. Intercambio con outros programas

*Código do curso:* PON-10-014

*Denominación:* O novo EBEP e a xestión dos RR. HH. na Administración local

*Destinatarios:* persoal da Administración local

*Núm. de edicións:* 1

*Participantes por edición:* 25

*Núm. de horas por edición:* 20

*Metodoloxía:* teórica

*Modalidade:* presencial

*Lugar de celebración:* Pontevedra

*Data de celebración:* 2º semestre 2010. Do 4 ó 11 de novembro

*Horario:* de tarde

*Obxectivos:* comprender o alcance da reforma e a implicación directa na xestión dos RR. HH. na Administración local

*Contido:* Antecedentes normativos. Principais liñas da reforma. Aplicación á Administración local

*Código do curso:* PON-10-015

*Denominación:* *As normas vixentes en lingua galega. Modificacións ortográficas*

*Destinatarios:* persoal da Administración local

*Núm. de edicións:* 1

*Participantes por edición:* 25

*Núm. de horas por edición:* 30

*Metodoloxía:* teórico-práctica

*Modalidade:* semipresencial

*Horario clases presenciais:* de tarde

*Data e Lugar de celebración:* 2º semestre 2010

1ª clase presencial (3 h): 7 de outubro (Pontevedra)

2ª clase presencial (3 h): 14 de outubro (Pontevedra)

3ª clase presencial (3 h): 28 de outubro (Pontevedra)

*Obxectivos:* adquirir as normas vixentes en lingua galega

*Contido:* Cambios obrigatorios máis relevantes. Cambios optativos máis relevantes. Outros cambios de menor entidade obrigatorios. Outros cambios de menor entidade e formas que se engaden

*Código do curso:* PON-10-016

*Denominación:* *Linguaxe administrativa galega. Nivel básico*

*Destinatarios:* persoal da Administración local

*Núm. de edicións:* 1

*Participantes por edición:* 25

*Núm. de horas por edición:* 30

*Metodoloxía:* teórico-práctica

*Modalidade:* semipresencial

*Horario clases presenciais:* de tarde

*Data e Lugar de celebración:* 2º semestre 2010

1ª clase presencial (3 h): 27 de outubro

2ª clase presencial (3 h): 3 de novembro

3ª clase presencial (3 h): 18 de novembro

*Obxectivos:* estudar e aprender a linguaxe administrativa con especial atención ás peculiaridades do idioma galego

*Contido:* A linguaxe administrativa. Caracterización e ámbito de uso. Artificiosidade versus simplificación. Redacción. Maiúsculas e minúsculas. Abreviación. Indicacións de tempo e lugar. As preposicións. O tratamento persoal. Toponimia galega

## ZONA SALNÉS

*Código do curso:* SAL-10-001

*Denominación:* *Microsoft Excel 2007. Avanzado*

*Destinatarios:* persoal da Administración local

*Núm. de edicións:* 1

*Participantes por edición:* 15

*Núm. de horas por edición:* 25

*Metodoloxía:* teórico-práctica

*Modalidade:* presencial

*Lugar de celebración:* Meis

*Data de celebración:* 2º semestre 2010. Do 17 ó 25 de novembro

*Horario:* de tarde

*Obxectivos:* manexar as ferramentas, as funcións e as utilidades avanzadas de que dispón

*Contido:* Ferramentas de análise de datos. Cálculo de matrices. Gráficos e mapas. Formularios. Cadros de persoal. Consolidar follas de cálculo. Organigramas. Introducción a VBA

*Código do curso:* SAL-10-003

*Denominación:* *Atención e defensa do consumidor*

*Destinatarios:* persoal da Administración local

*Núm. de edicións:* 1

*Participantes por edición:* 25

*Núm. de horas por edición:* 20

*Metodoloxía:* teórica

*Modalidade:* presencial

*Lugar de celebración:* Sanxenxo

*Horario:* de tarde

*Data de celebración:* 2º semestre 2010. Do 6 ó 14 de outubro

*Obxectivos:* adquirir os coñecementos necesarios para atender e defender o consumidor

*Contido:* Mercado e sociedade de consumo. Réxime xurídico da protección do consumidor. O consumidor no mercado de bens e servizos: medidas de protección. O consumidor ante os bens duradeiros e ante determinados servizos. O defensor do consumidor e usuario

*Código do Curso:* SAL-10-007

*Denominación:* *Actualización das instrucións de contabilidade pública local. Nivel básico*

*Destinatarios:* Persoal da Administración Local

*N.º de edicións:* 1

*Participantes por edición:* 25

*N.º horas por edición:* 25

*Metodoloxía:* teórico

*Modalidade:* presencial

*Lugar de celebración:* Ribadumia

*Horario:* de tarde

*Data de celebración:* 2º Semestre 2010. Do 18 ao 26 de outubro.

*Obxectivos:* contribuír á reciclaxe dos traballadores encargados da contabilidade pública dos Concellos no referente a novidades, normativas e aplicación das novas instrucións de contabilidade.

Especial incidencia na rendición de Contas Anuais, tanto na liquidación do orzamento como a rendición da Conta Xeral

Actualizar coñecementos dos participantes relacionados coa amortización de inmovilizado e dos gastos financeiros non orzamentarios

Especial incidencia nas magnitudes orzamentarias: resultado orzamentario e remanente de tesouraría, significado, cálculo, interpretación, etc.

*Contido:* O ORZAMENTO DE GASTOS: concepto e contido. Principios orzamentarios. Principios contables públicos. Normativa aplicable. Supostos prácticos. Os remanentes de crédito: Delimitación. Cálculo. Saldos. Incorporación de remanentes

PROBLEMÁTICA DO INMOBILIZADO: na nova normativa contable. Supostos prácticos. Cuestións teórico-prácticas da problemática do Inmovilizado material. Investimentos destinados ao uso xeral. Inmovilizado material e inmaterial. Provisións e amortizacións

Modificacións de crédito. Proxectos de gastos: definición e clases. Vinculación xurídica. Gastos con financiamento afectado. Enumeración de recursos afectados. Fins do seguimento e control. Coeficiente de financiamento. Análise dos procedementos orzamentarios e contables na execución do orzamento de ingresos. Conceptos e procedementos de tramitación. Recarga de constrinximento e intereses de demora. Transferencias e subvencións. Operacións fin de exercicio no novo PGCP

*Supostos prácticos:* O novo resultado orzamentario. Supostos prácticos sobre toda a problemática contable

*Código do Curso:* SAL-10-008

*Denominación:* Réxime xurídico da actividade económica-financieira das Corporacións Locais

*Destinatarios:* Persoal da Administración Local

*N.º de edicións:* 1

*Participantes por edición:* 25

*N.º horas por edición:* 25

*Metodoloxía:* teórico

*Modalidade:* presencial

*Lugar de celebración:* Illa de Arousa

*Horario:* de tarde

*Data de celebración:* 2º Semestre 2010. Do 8 ao 16 de novembro.

*Obxectivos:* perfeccionamento dos coñecementos no marco económico e xurídico propio das tarefas de asesoramento. Actualización e perfeccionamento en materia de orzamentos. Actualización e perfeccionamento en materia de tesouraría. Control interno e externo. Actualización de temas contables

*Contido:* 1. RÉXIME XURÍDICO DA ACTIVIDADE ECONÓMICO-FINANCIERA DAS ENTIDADES LOCAIS: a. Normativa estatal, autonómica e da propia da entidade local

## 2. O ORZAMENTO DAS ENTIDADES LOCAIS

a. Concepto. Ámbito. Principios. Elaboración. Contido. As Bases de execución. Especialidade cualitativa e cuantitativa dos créditos para gastos: vinculación xurídica

b. Estrutura orzamentaria: exame casuístico

c. Documentos xurídicos de tramitación simultánea ao Orzamento

d. Modificacións de créditos: especial referencia ás incorporacións de remanentes de crédito

## 3. GASTOS ORZAMENTARIOS

a. O concepto de gasto público local. Tramitación xurídica dos gastos. Proceso contable e proceso xurídico: distinción

b. Fases de execución do orzamento de gastos: tramitación segundo o tipo do gasto e a fase

c. O gasto plurianual. Repercusións prácticas. Compromisos de gastos e ingresos para exercicios futuros

d. Proxecto de gasto. Seguimento. Vinculacións xurídicas dos proxectos

e. A liquidación do orzamento: procedemento e magnitudes resultantes

## 4. OS INGRESOS ORZAMENTARIOS

a. Recursos das Entidades Locais; imposición e ordenación e xestión

b. Análise das principais figuras: ingresos de Dereito privado, tributos, prezos públicos, transferencias e subvencións

c. As operacións de crédito. O aforro neto. Formación bruta de capital, resultados financeiros, razóns de execución orzamentaria e de caixa. Plans de Saneamento financeiro.

## 5. TESOURARÍA

a. Funcións: tesouraría e recadación

- b. O plan de disposición de fondos
- c. As operacións de tesouraría

#### 6. CONTROL INTERNO E EXTERNO

- a. O control interno función interventora, control financeiro, control de eficacia e control de eficiencia
- b. O control externo. Función fiscalizadora dos órganos de control externo. A responsabilidade contable.

#### 7. CONTABILIDADE

- a. Conceptos básicos de contabilidade
- b. A instrución de contabilidade do tratamento especial simplificado: normas xerais, libros de contabilidade, documentos contables e plan de contas.
- c. Operacións contables: apertura da contabilidade, contabilidade do orzamento de gastos, do orzamento de ingresos, do inmovilizado, do endebedamento e peche da contabilidade
- d. Especial referencia aos gastos con financiamento afectado
- e. A Conta Xeral: composición e tramitación. Outra información a subministrar.

*Código do curso: SAL-10-011*

*Denominación: Curso básico de primeiros auxilios*

*Destinatarios:* persoal da Administración local

*Núm. de edicións:* 1

*Participantes por edición:* 25

*Núm. de horas por edición:* 8

*Metodoloxía:* teórico-práctica

*Modalidade:* presencial

*Lugar de celebración:* Cambados

*Horario:* de tarde

*Data de celebración:* 2º semestre 2010. Do 14 ó 15 de setembro

*Obxectivos:* saber como actuar fronte ós tipos de lesións máis frecuentes no medio laboral: hemorragias, fracturas, queimaduras

*Contido:* Socorrismo: pautas xerais de actuación. Avaliación inicial do paciente. Reanimación cardiopulmonar básica. Teoría e práctica: traumatismos, inmovilizacións. Recollidas de accidentados en situacións de urxencia. Hemorragias. Lesións específicas do contorno laboral: corpos estraños nos ollos, lume, incendios, queimaduras, intoxicacións

*Código do curso: SAL-10-012*

*Denominación: Tramitación de expedientes administrativos*

*Destinatarios:* persoal da Administración local

*Núm. de edicións:* 1

*Participantes por edición:* 25

*Núm. de horas por edición:* 20

*Metodoloxía:* teórica

*Modalidade:* presencial

*Lugar de celebración:* Sanxenxo

*Horario:* de tarde

*Data de celebración:* 2º semestre 2010. Do 22 ó 29 de novembro

*Obxectivos:* mellorar o coñecemento dos asistentes sobre o procedemento que hai que seguir na tramitación de expedientes administrativos

*Contido:* O acordo de incoación. A obriga de enumerar, índices e a importancia do documento “cabeza do expediente”. A agregación sucesiva. A custodia do expediente: o seu impulso, responsabilidade e arquivo. Clases de documentos dentro do expediente. Concepto de expediente e do seu reflexo procesual. O procedemento. Responsabilidade disciplinaria e penal derivada dos documentos

*Código do curso: SAL-10-013*

*Denominación: Escritura eficaz na Administración pública*

*Destinatarios:* persoal da Administración local

*Núm. de edicións:* 1

*Participantes por edición:* 25

*Núm. de horas por edición:* 20

*Metodoloxía:* teórica

*Modalidade:* presencial

*Lugar de celebración:* Vilagarcía de Arousa

*Horario:* de tarde

*Data de celebración:* 2º semestre 2010. Do 16 ó 23 de setembro

*Obxectivos:* escribir correctamente informes, concursos públicos, escritos dirixidos ós cidadáns, notas internas no ámbito da Administración pública. Estructurar a mensaxe de modo adecuado e comprensible tanto no seu contido coma na súa presentación. Manexar o ton e os estilos adecuados en cada documento. Aprender a expresarse de modo eficaz en calquera contexto escrito

*Contido:* Principios lóxicos, identificar o propósito e a resposta desexada, definir os posibles epígrafes que se van utilizar, escribir e estruturar o texto, revisar e corrixir. Comunicacións internas e externas. Exercicios prácticos. Distintos tipos de

informes. Correo electrónico: estruturar unha mensaxe de correo, pautas para a súa redacción, exercicio práctico

*Código do curso: SAL-10-014*

*Denominación: Elaboración de documentos administrativos*

*Destinatarios:* persoal da Administración local

*Núm. de edicións:* 1

*Participantes por edición:* 25

*Núm. de horas por edición:* 20

*Metodoloxía:* teórica

*Modalidade:* presencial

*Lugar de celebración:* Vilanova de Arousa

*Horario:* de tarde

*Data de celebración:* 2º semestre 2010. Do 27 de outubro ó 4 de novembro

*Obxectivos:* redactar documentos administrativos aplicando o proceso de composición de textos. Presentar a información de forma lóxica de acordo coas necesidades de cada documento. Estruturar os documentos administrativos para conseguir a máxima eficacia comunicativa. Apreciar a importancia de redactar os documentos administrativos de forma clara e entendible

*Contido:* As características da linguaxe administrativa. O proceso de composición dos documentos administrativos. A estrutura e a redacción dos textos. Os problemas lingüísticos máis destacados. A presentación da información

*Código do curso: SAL-10-015*

*Denominación: Xestión de gastos do persoal nas entidades locais*

*Destinatarios:* persoal da Administración local

*Núm. de edicións:* 1

*Participantes por edición:* 25

*Núm. de horas por edición:* 30

*Metodoloxía:* teórico-práctica

*Modalidade:* semipresencial

*Horario clases presenciais:* de tarde

*Data e Lugar de celebración:* 2º semestre 2010

1ª clase presencial (3 h): 13 de setembro (Barro)

2ª clase presencial (3 h): 23 de setembro (Barro)

3ª clase presencial (3 h): 5 de outubro (Barro)

*Obxectivos:* estudar e analizar as relacións de postos de traballo, o cadro de persoal, a retribución e a súa incidencia na xestión dos gastos, a problemática das nóminas e a seguridade social

*Contido:*

— Relacións de postos de traballo: concepto. Contido. Natureza. Tramitación. Modelo or-

zamentario. Concepto e contido. Tramitación e ampliación do cadro de persoal

— Retribucións: soldo base e antigüidade. Complementos de destino e específico. Productividade e gratificacións. Complementos de convenio. Problemática práctica e supostos

— Nóminas: confección e aprobación do gasto. Orzamento e bases de execución. Incrementos salariais

— Indemnizacións por razón do servizo: axudas de custo e locomoción. Modos de xustificación e fiscalización. Aprobación dos gastos

## ZONA SUR

*Código do curso: SUR-10-003*

*Denominación: Atención e defensa do consumidor*

*Destinatarios:* persoal da Administración local

*Núm. de edicións:* 1

*Participantes por edición:* 25

*Núm. de horas por edición:* 20

*Metodoloxía:* teórica

*Modalidade:* presencial

*Lugar de celebración:* Mos

*Horario:* de tarde

*Data de celebración:* 2º semestre 2010. Do 18 ó 25 de outubro

*Obxectivos:* adquirir os coñecementos necesarios para atender e defender o consumidor

*Contido:* Mercado e sociedade de consumo. Réxime xurídico da protección do consumidor. O consumidor no mercado de bens e servizos: medidas de protección. O consumidor ante os bens duradeiros e ante determinados servizos. O defensor do consumidor e usuario

*Código do Curso: SUR-10-009*

*Denominación: Lei de dependencia*

*Destinatarios:* Persoal da Administración Local

*N.º de edicións:* 1

*Participantes por edición:* 25

*N.º horas por edición:* 20

*Metodoloxía:* teórico

*Modalidade:* Presencial

*Lugar de celebración:* Baiona

*Horario:* de tarde

*Data de celebración:* 2º Semestre 2010. Do 8 ao 15 de novembro.

*Obxectivos:* preténdese un amplo coñecemento da nova lexislación sobre dependencia:

1. Adquirir unha visión xeral da natureza e finalidade social da lei da dependencia.

2. Coñecer a problemática da realidade e retos expostos polas situacións de dependencia.

3. Aprender os contidos xerais da lei e a súa organización interna.

*Contido:* Por qué a Lei de Dependencia. Valoración da Dependencia: requisitos. Graos de dependencia. Servizos e prestacións. Beneficiarios do sistema da Lei de Dependencia. Dereitos e obrigas das persoas en situación de dependencia. O sistema para a autonomía e atención...

*Código do curso:* SUR-10-011

*Denominación:* Curso básico de primeiros auxilios

*Destinatarios:* persoal da Administración local

*Núm. de edicións:* 1

*Participantes por edición:* 25

*Núm. de horas por edición:* 8

*Metodoloxía:* teórico-práctica

*Modalidade:* presencial

*Lugar de celebración:* Mondariz-Balneario

*Horario:* de tarde

*Data de celebración:* 2º semestre 2010. Do 29 ó 30 de setembro

*Obxectivos:* saber como actuar fronte ós tipos de lesións máis frecuentes no medio laboral: hemorragias, fracturas, queimaduras

*Contido:* Socorrismo: pautas xerais de actuación. Avaliación inicial do paciente. Reanimación cardiopulmonar básica. Teoría e práctica: traumatismos, inmovilizacións. Recollidas de accidentados en situacións de urxencia. Hemorragias. Lesións específicas do contorno laboral: corpos estraños nos ollos, lume, incendios, queimaduras, intoxicacións

*Código do curso:* SUR-10-012

*Denominación:* Microsoft Word 2007.

*Nivel avanzado*

*Destinatarios:* persoal da Administración local

*Núm. de edicións:* 1

*Participantes por edición:* 15

*Núm. de horas por edición:* 25

*Metodoloxía:* teórico-práctica

*Modalidade:* presencial

*Lugar de celebración:* Pontearreas

*Horario:* de tarde

*Data de celebración:* 2º semestre 2010. Do 26 de outubro ó 4 de novembro

*Obxectivos:* aproveitar ó máximo as funcións avanzadas das que dispón o procesador de textos

*Contido:* Seccións. Columnas de estilo xornalístico. Notas, revisións, comentarios e versións. Numeración e viñetas. Formularios. Esquemas. Documentos mestres. Índices e táboas de contidos. Campos e marcadores. Funcións matemáticas. Gráficos. Ferramentas de debuxo. WordArt

*Código do curso:* SUR-10-013

*Denominación:* Redacción e presentación de informes

*Destinatarios:* persoal da Administración local

*Núm. de edicións:* 1

*Participantes por edición:* 25

*Núm. de horas por edición:* 24

*Metodoloxía:* teórico-práctica

*Modalidade:* presencial

*Lugar de celebración:* O Porriño

*Horario:* de tarde

*Data de celebración:* 2º semestre 2010. Do 5 ó 14 de outubro

*Obxectivos:* identificar e aplicar as técnicas de escritura básicas da linguaxe administrativa. Presentar a información de forma lóxica de acordo coas necesidades do documento. Estruturar os informes e as resolucións administrativas para conseguir a máxima eficacia comunicativa. Apreciar a importancia de redactar textos de forma clara e entendible

*Contido:* As características da linguaxe administrativa. O estilo dos textos administrativos. Os problemas lingüísticos máis destacados. A presentación da información. O proceso lóxico e xurídico que reflicten os documentos

*Código do curso:* SUR-10-014

*Denominación:* Linguaxe administrativa galega. Nivel medio

*Destinatarios:* persoal da Administración local

*Núm. de edicións:* 1

*Participantes por edición:* 25

*Núm. de horas por edición:* 30

*Metodoloxía:* teórico-práctica

*Modalidade:* semipresencial

*Horario clases presenciais:* de tarde

*Data e Lugar de celebración:* 2º semestre 2010

1ª clase presencial (3 h): 15 de setembro (O Porriño)

2ª clase presencial (3 h): 22 de setembro (O Porriño)

3ª clase presencial (3 h): 4 de outubro (O Porriño)

*Obxectivos:* estudar e aprender a linguaxe administrativa con especial atención ás peculiaridades do idioma galego

*Contido:* A linguaxe administrativa: as normas da Real Academia Galega de 2003. O tratamento da voz pasiva. O xerundio. O infinitivo conxugado. As conxuncións. Os relativos e os indefinidos. As familias léxicas irregulares. Locucións e fórmulas fixas da linguaxe administrativa

*Código do curso:* SUR-10-015

*Denominación:* Linguaxe administrativa galega.

*Nivel superior*

*Destinatarios:* persoal da Administración local

*Núm. de edicións:* 1

*Participantes por edición:* 25

*Núm. de horas por edición:* 30

*Metodoloxía:* teórico-práctica

*Modalidade:* semipresencial

*Horario:* de tarde

*Data e Lugar de celebración:* 2º semestre 2010

1ª clase presencial (3 h): 28 de outubro (Ponteareas)

2ª clase presencial (3 h): 10 de novembro (Ponteareas)

3ª clase presencial (3 h): 24 de novembro (Ponteareas)

*Obxectivos:* estudar e aprender a linguaxe administrativa con especial atención ás peculiaridades do idioma galego

*Contido:* Recomendacións no uso da linguaxe administrativa. A documentación administrativa. Soporte e requisitos. Diferentes tipos e documentación empregados no ámbito da Administración pública. Os documentos de decisión. Modelos e exemplos. Acordos e resolucións. Os documentos de transmisión. Notificacións, oficios e notas interiores. Os documentos de constancia. Actas, certificados, certificacións de acto presunto. Os documentos de xuízo. Informes. Os documentos dos cidadáns. Solicitudes, denuncias, alegacións, recursos

## **CURSOS ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA (AGASP)**

*Código do curso:* AGA-10-001

*Denominación:* Documentación de condutores e de vehículos estranxeiros

*Destinatarios:* persoal da Policía Local dos concellos da provincia de Pontevedra que estean adheridos ó Plan de formación continua da Deputación Provincial

*Núm. de edicións:* 1

*Participantes por edición:* 25

*Núm. de horas por edición:* 20

*Metodoloxía:* teórica

*Lugar de celebración:* Pontevedra

*Data de celebración:* 2º semestre 2010. Do 15 ó 18 de novembro

*Obxectivos:* dotar os membros dos corpos da Policía Local da provincia dos coñecementos fundamentais en materia documental (formato, medidas de seguridade, validez, etc.), profundando nos relacionados coa condución e circulación de vehículos estranxeiros así como na vixilancia do fraude e das falsificacións

*Contido:* Documentos. Propiedade de vehículos. Permisos nacionais e internacionais de condución. Elementos de identificación de vehículos. Regras básicas para detectar fraudes e falsificacións

*Código do curso:* AGA-10-003

*Denominación:* Atestados e reconstrución de accidentes de tráfico

*Destinatarios:* persoal da Policía Local dos concellos da provincia de Pontevedra que estean adheridos ó Plan de formación continua da Deputación Provincial

*Núm. de edicións:* 1

*Participantes por edición:* 25

*Núm. de horas por edición:* 40

*Metodoloxía:* teórica

*Lugar de celebración:* Pontevedra

*Data de celebración:* 2º semestre 2010. Do 18 ó 28 de outubro

*Obxectivos:* coñecer a metodoloxía completa para reconstruír un sinistro. Saber facer unha recompilación do datos para a reconstrución desenvolvendo prácticas en todos os pasos. Resolución de casos reais de forma pormenorizada.

*Contido:* Metodoloxía e toma de datos para reconstruír accidentes de tráfico. Fundamentos físicos para a reconstrución: aplicación. Estudo de atestados e prácticas con casos reais. Elaboración do informe técnico e actuación diante do xulgado

Pontevedra, 16 de agosto de 2010.—El Presidente, ilegible.—La Secretaria Acctal., ilegible.



# AYUNTAMIENTOS

## PONTEVEDRA

### RESOLUCIÓN DO CONCELLO DE PONTEVEDRA POLA QUE SE ANUNCIA A LICITACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DA “PRESTACIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR (SAF) NO CONCELLO DE PONTEVEDRA”

1) *Entidade adxudicadora:* Concello de Pontevedra, r/ Michelena, nº 30, 36071 Pontevedra. Órgano de contratación: Xunta de Goberno Local.

2) *Obxecto:* A) Prestación do servizo municipal de axuda no fogar (SAF) no Concello de Pontevedra. B) Duración: 5 anos, a contar do día seguinte a data da firma do contrato, prorrogables, anualmente, ata un tope de outros 5 anos. C) Lugar: Pontevedra.

3) *Procedemento e forma:* aberto con varios criterios de adxudicación.

4) *Orzamento base de licitación:* Prezo máximo do contrato por anualidade completa será de 1.103.760 € (dos que como máximo, 81.760 € serán en concepto de IVE, xa que o tipo aplicable de éste variará segundo a modalidade do usuario).

5) *Garantías:* Provisional: 30.946 €. Definitiva: 5% do orzamento base do contrato, IVE excluído.

7) *Obtención de documentación e información:* Servizo de Contratación. R/ Michelena, nº 30. Pontevedra 36071. Perfil do contratante municipal [www.pontevedra.eu](http://www.pontevedra.eu). TLF: 986 80 43 00.

8) *Presentación de ofertas:* 26 días hábiles contados a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio no último dos boletíns (BOP, DOG o perfil do contratante [www.pontevedra.eu](http://www.pontevedra.eu)). Documentación: cláusula 10 do prego. No Rexistro Xeral do Concello.

9) *Criterios de adxudicación e apertura das ofertas:* cláusulas 11 e 14 do prego.

Pontevedra, 6 de xullo de 2010.—O Concelleiro de Goberno, Raimundo González Carballo.

2010007922

\* \* \*

## BAIONA

### EDICTO

O Concello de Baiona en sesión plenaria de data 5/08/2010 prestou aprobación definitiva o documento de Inventario de Camiños e Vías que desenvolve o epígrafe Grupo C do epígrafe 1º Bienes Inmuebles do Inventario Municipal. Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer alternativamente ou recurso de reposi-

ción potestativo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, ante o Pleno deste Concello, de conformidade cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ou Recurso Contencioso-Administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpoñer o Recurso de Reposición Potestativo, non poderá interpoñer Recurso Contencioso-Administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio. Todo elo sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

Baiona, 6 de agosto de 2010.—O Alcalde, Jesús Vázquez Almuíña. 2010008895

\* \* \*

## B U E U

### A N U N C I O

*Cobranza en voluntaria do Padrón Municipal da Taxa polo uso dos bens e instalacións municipais dos mercados e para os servizos inherentes referido ó 3º Trimestre de 2010.*

Aprobado mediante Resolución de Alcaldía de data Bueu, 14 de xullo de 2010 o Padrón Municipal da Taxa polo uso dos bens e instalacións municipais dos Mercados e para os servizos inherentes referido ó 3º Trimestre de 2010 exponse ó público por espazo de 15 días a partires do seguinte día en que este Anuncio fora publicado no Boletín Oficial da provincia, a efectos de examen e reclamacións.

De conformidade co previsto no artigo 12 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, reguladora das Facendas Locais, en relación cos artigos 87 e 88 do Regulamento Xeral de Recadación, comunícaselles ós contribuintes afectados que o período voluntario de cobranza do mencionado Padrón será do 26/07/2010 ó 27/09/2010, ámbalas dúas datas inclusive.

O importe poderá satisfacerse, consonte co artigo 86 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación a través de calquera Entidade Bancaria, empregando os instrumentos de ingreso (Recibos), que se enviarán ó domicilio declarado do contribuínte por correo ordinario.

No caso de perda do devandito instrumento, o obrigado ó pagamento poderá ata o día 27 de setembro de 2010 obter un duplicado na Oficina de

Xestión Tributaria do Concello de Bueu sita na Rúa Eduardo Vicenti nº 53 baixo-Tlfno. 986 39 00 34.

Os contribuíntes que a 27 de agosto de 2010 non recibisen nos seus domicilios os instrumentos de ingreso disporán do mesmo prazo, para os solicitar na oficina indicada, e efectua-lo pagamento nas Entidades Bancarias, posto que a non recepción non exime da obriga do pagamento, e non impide a utilización da vía de constrinximento.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva, ó abeiro do art. 102 da vixente Lei Xeral Tributaria.

O vencemento do prazo en período voluntario, sen ter satisfeita a débeda, determinará o comenzo do procedemento de constrinximento, a percepción do recargo do 5%, 10% ó 20% e demais conceptos esixibles tal e como se fixa no artigo 128 da Lei Xeral Tributaria e no artigo 91 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións incorporadas o mesmo podrá interpoñerse recurso de reposición ante o Alcalde-Presidente no prazo de un mes a contar dende o seguinte o de finalización do período da súa exposición pública de conformidade co previsto no artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Bueu, 14 de xullo de 2010.—O Alcalde, Félix Juncal Novas. **2010008245**

\* \* \*

## CALDAS DE REIS

### E D I C T O

*Aprobación inicial expediente: Suplemento de crédito 2/10 e modificación do anexo de subvencións-transferencias correntes.*

O Pleno do Concello de Caldas de Reis, en sesión ordinaria de data 30/07/10 acordou a aprobación inicial do expediente de Suplemento de crédito 2/10 por importe de 52.074,17 euros, financiado con cargo a Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais e de modificación do anexo de Subvencións-Transferencias correntes.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra, para que os interesados poidan examinar o expediente na Secretaría do Concello e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido dito prazo non se presentasen alegacións, considerarase definitivamente aprobado dito acordo.

En Caldas de Reis, a 2 de agosto de 2010.—O Alcalde, Juan Manuel Rey Rey. **2010008823**

\* \* \*

## DOZÓN

### E D I C T O

Solicitando desta Alcaldía, Estación de Servicio Campos, S.A., licenza municipal para instalación de centro de lavado y mejora de condiciones medioambientales, a situar en c/ Médico Martínez Iglesias s/n-Dozón, cumprindo o disposto no art. 8.1 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, no que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por período de vinte días hábiles, coa fin de que durante o mesmo —que comezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da provincia e no DOGA— poidan examina-lo expediente, na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Dozón, a 23 de julio de 2010.—O Alcalde, José Rodríguez. **2010008620**

\* \* \*

## FORNELOS DE MONTES

### A N U N C I O

Aprobada definitivamente polo pleno do concello, en sesión de data 23 de xuño de 2010, a modificación da Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Fornelos de Montes, procédese cumprindo o establecido no art. 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, á publicación do seu texto para a súa entrada en vigor, o que se producirá unha vez transcorrido o prazo previsto polo art. 65.2 da mesma lei.

*Modificación da Ordenanza Reguladora do Servizo Municipal de Axuda no Fogar (SAF) do Concello de Fornelos de Montes.*

Artigo 1º.—Queda derogado o parágrafo segundo do artigo 21º.3 da Ordenanza Reguladora do Servizo Municipal de Axuda no Fogar (SAF) do Concello de Fornelos de Montes, publicada no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra nº 170 de data 3 de setembro de 2009.

*Disposición derradeira*

Esta Modificación da ordenanza entrará en vigor unha vez que se publique o seu texto no Boletín Oficial da provincia e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Contra a aprobación definitiva desta modificación da ordenanza poderá interporse Recurso Contencioso-Administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de 2 meses a contar desde o día seguinte ó da súa publicación (arts. 10 e 6 da Lei 29/1998). Iso sen prexuízo de interpor calquera outro recurso que se entenda máis procedente e sexa conforme a Dereito.

Fornelos de Montes, 9 de agosto de 2010.—O Alcalde, Serafín A. Martínez Martínez. **2010008948**

\* \* \*

**A GUARDA****A N U N C I O**

Con data 30 de xullo de 2010, dictouse a seguinte resolución da Alcaldía:

“Ausentándome do municipio dende o 31 de xullo ata o 7 de agosto de 2010 e non podendo por elo desempeñar as funcións de Alcalde, en uso das facultades que me confiren os arts. 21 e 23 da Lei 7/1985 Reguladora de Bases de Réxime Local, o artigo 65 da Lei de Administración Local de Galicia e o artigo 47.2 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

Resolvo:

1.—Delegar as competencias plenas da Alcaldía, dende o 31 de xullo ata o 7 de agosto de 2010, no primeiro tenente de alcalde desde concello don Miguel Ángel Español Otero.

2.—Publicar esta resolución no Boletín Oficial da provincia.

3.—Dar conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre”.

A Guarda, 2 de agosto de 2010.—O Alcalde en funcións, Miguel Ángel Español Otero. **2010008773**

\* \* \*

**O GROVE**

*Notificación de inicio de expediente de reintegro de pagos indebidos.*

Notificación a Iluminación, Palcos y Carpas Campañó, S.L., sobre o inicio do expediente de

reintegro de pagos indebidos, devolta polo servizo de correos en data 27 de xullo de 2010.

De conformidade co artigo 61 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e podendo lesionar a publicación do acto dereitos ou intereses lexítimos, procédese á publicación dunha somera indicación do acto, poñéndose de manifesto que o expediente atópase a disposición dos interesados ou os seus representantes na Intervención do Concello do Grove, sita na Casa do Concello, Praza do Corgo 1 (36980) O Grove (Pontevedra), en horario de 9 a 14 horas, no prazo de quince días dende a publicación desta resolución no Boletín Oficial da provincia, para coñecemento do contido íntegro do mencionado acto e constancia de tal coñecemento.

O que se fai público para coñecemento dos interesados, aos que debe servir de notificación individual.

O Grove, a 30 de xullo de 2010.—O Alcalde, José A. Cacabelos Rico. **2010008825**

\* \* \*

**A ILLA DE AROUSA****E D I C T O**

Solicitando desta Alcaldía don Gabriel Suárez Pereira, licenza Municipal para acondicionamento de local para panadería-cafetería, a situar na rúa Avda. da Ponte nº 80-Bx, A Illa de Arousa, cumprindo o disposto no artigo 8.3 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, en que se regula a avaliación de incidente ambiental, sométese a información pública por período de vinte días, co fin de que durante este período, que comezará a contarse dende o día seguinte ao da inserción deste edicto no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra e no DOG, poidan examinar o expediente, na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretenden instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que coiden oportunas.

A Illa de Arousa, a 22 de xullo de 2010.—O Alcalde, ilexible. **2010008839**

\* \* \*

**A LAMA****A N U N C I O**

En cumprimento do establecido na Resolución de 1 de abril de 1997 (BOE 11/04/1997), pola que se ditan instrucións técnicas aos concellos para a xestión e revisión do Padrón Municipal de Habi-

tantes, procédese á publicación, para que sirva de notificación ás persoas que a seguir se indican, que constan no Padrón Municipal de Habitantes do Concello da Lama, e que son propostas para a súa baixa por inclusión indebida tras iniciarse expediente de oficio.

—Baqueiro Feijoo, Trinidad.

—Torres Baqueiro, José Antonio.

—Artacho Rivera, Paola.

As persoas indicadas non foi posible efectuarlles a correspondente comunicación ao abeiro do artigo 59 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, procedéndose á publicación de acordo co artigo 60 da mesma norma.

Para levar a cabo as xestións oportunas a fin de que os interesados presenten as alegacións oportunas que xustifiquen a conveniencia ou non da súa baixa, establécese un prazo de quince días contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra, para persoarse nas oficinas do Concello da Lama (Avda. do Concello nº 1, 36830-A Lama) a tal fin.

Transcorrido o citado prazo darase traslado do expediente ao Consejo de Empadramento do Instituto Nacional de Estatística para que informe ao respecto.

A Lama, 14 de xullo de 2010.—O Alcalde, Jorge Canda Martínez. **2010008105**

## A N U N C I O

Por ausencia do titular da Alcaldía do termo municipal, faise público ao abeiro do disposto polo artigo 44.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que se delegaron a totalidade das funcións no 1º Tenente de Alcalde, don Juan Carlos Piñeiro Teodosio, polo período do 29 de xullo ao 6 de agosto de 2010, ámbolos dous incluídos.

A Lama, 29 de xullo de 2010.—O Alcalde, Jorge Canda Martínez. **2010008598**

\* \* \*

## LALÍN

### *Anuncio de información pública*

Presentouse neste Concello por Ganadería Lorenzo Vilamea, S.C., exp. núm. 5542/09, solicitude de licenza para instalación de explotación porcina nunha finca da súa propiedade sita no lugar de Froxán, parroquia de Castro de Lalín.

De conformidade co disposto no artigo 8.3 do Decreto 133/2009, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública o expediente referenciado, durante un prazo de vinte días a contar dende o día seguinte ó da publicación deste edicto, para ós efectos de que se poida examinar o expediente no Departamento de Urbanismo deste Concello e se formulen polos interesados as alegacións que se estimen convenientes.

Lalín, 12 de xullo de 2010.—O Alcalde, Xosé Crespo Iglesias. **2010008549**

### *Anuncio de información pública*

Presentouse neste Concello por Ganadería Lorenzo Vilamea, S.C., exp. núm. 5541/09, solicitude de licenza para instalación de explotación avícola nunha finca da súa propiedade sita no lugar de Froxán, parroquia de Castro de Lalín.

De conformidade co disposto no artigo 8.3 do Decreto 133/2009, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública o expediente referenciado, durante un prazo de vinte días a contar dende o día seguinte ó da publicación deste edicto, para ós efectos de que se poida examinar o expediente no Departamento de Urbanismo deste Concello e se formulen polos interesados as alegacións que se estimen convenientes.

Lalín, 16 de xullo de 2010.—O Alcalde, Xosé Crespo Iglesias. **2010008550**

### *Anuncio de información pública*

Presentouse neste Concello por Rivera, S.C., exp. núm. 6063/10, solicitude de licenza para a ampliación de cebadeiro de gando vacún na súa propiedade, sita no lugar de Maceira, parroquia de Maceira de Lalín.

De conformidade co disposto no artigo 8.3 do Decreto 133/2009, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública o expediente referenciado, durante un prazo de vinte días a contar dende o día seguinte ó da publicación deste edicto, para ós efectos de que se poida examinar o expediente no Departamento de Urbanismo deste Concello e se formulen polos interesados as alegacións que se estimen convenientes.

Lalín, 9 de xullo de 2010.—O Alcalde, Xosé Crespo Iglesias. **2010008551**

*Anuncio de información pública*

Presentouse neste Concello por Manufacturas y Artesanía del Cuadro Bernabé, S.L., exp. núm. 410/99, solicitude de licenza de apertura para legalizar unha nave existente para uso de fabricación de cadros e exposición de mobles, sita no PI. Lalín 2000, parcelas 10 e 11 de Lalín.

De conformidade co disposto no artigo 8.3 do Decreto 133/2009, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública o expediente referenciado, durante un prazo de vinte días a contar dende o día seguinte ó da publicación deste edicto, para ós efectos de que se poida examinar o expediente no Departamento de Urbanismo deste Concello e se formulen polos interesados as alegacións que se estimen convenientes.

Lalín, 22 de xullo de 2010.—O Alcalde, Xosé Crespo Iglesias. **2010008951**

\* \* \*

**M O S****E D I C T O**

En cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 8 do Decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a Avaliación de Incidencia Ambiental, se somete a información pública o expediente nº 17/2009, tramitado a instancia de Samper-Refeinsa, S.L., para a concesión de licenza de apertura e funcionamento de “Industria de tratamento de metais”, a instalar en Parcela D-5 no Parque Empresarial de Veigadaña na parroquia de Petelos deste municipio. Durante o prazo de vinte días, contados a partir do seguinte ao da última publicación do presente Edicto no Boletín Oficial da provincia e Diario Oficial de Galicia, o expediente encóntrase a disposición do público nas oficinas municipais a fin de quen se considere afectado pola actividade poida examinalo e deducir, no seu caso, as alegacións que teñan por convinte.

Mos, 15 de xullo de 2010.—A Concelleira Delegada de Urbanismo, Sandra Temes Arnosi.

**2010008653**

\* \* \*

**MEAÑO****A N U N C I O**

Visto o expediente de Baixa do Padrón Municipal de Habitantes que se tramita no Negociado de Estatística deste Concello, por incumprir o artigo 54 do Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais (R.D. 2612/1996).

Resultando infructuoso os intentos de notificación efectuados á persoa que de seguido se relaciona; de conformidade co disposto no artigo 59.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, expónse ó público durante o prazo de 10 días hábiles a partir do día seguinte á publicación do presente no B.O.P. e no taboleiro de anuncios neste Concello, ó obxecto de que o afectado poida presentar ante a Alcaldía as alegacións que considere pertinentes.

Transcorrido o prazo indicado entenderase que renuncia a figurar empadroadado neste Concello de Meaño e continuarase cos trámites relativos a baixa do oficio.

*Relación que se cita*

—Dª Aziz Falhani.

Meaño, 27 de xullo de 2010.—O Alcalde, Jorge Domínguez Rosal. **2010008561**

\* \* \*

**MONDARIZ****A N U N C I O**

O Pleno do Concello de Mondariz en sesión de 31 de xullo de 2010 adoptou o seguinte acordo:

Considerando que por Providencia de Alcaldía de data 28/06/10 instruíuse o expediente relativo á investigación de bens en relación ao camiño existente en Merouces, Mondariz. Tendo en conta o previsto nos artigos 45 e seguintes do xa citado RD. 1372/1986, de 13 de xuño, que aproba o Regulamento de Bens das Corporacións Locais, o Pleno da Corporación adopta o seguinte Acordo:

Primeiro: Incoar expediente de investigación da titularidade do ben consistente en camiño sito en Casco Urbano, Mondariz, coas seguintes características: Camiño sen saída, con pavimento de formigón e dimensións aproximadas de 3.10 metros de ancho medio e uns 23 metros de largo, entrada dende a rúa Merouces ou Camiño da Feira a altura do número 23, e que podería pertencer ao Concello de Mondariz.

Segundo: Publicar o anuncio correspondente no Boletín Oficial da provincia, e un exemplar do citado Boletín, deberá estar exposto no taboleiro de anuncios do Concello por prazo de 20 días, durante o cal calquera poderá consultar o expediente. O prazo de alegacións será de 1 mes a contar a partir do remate do prazo de exposición do anuncio no taboleiro do Concello. Así mesmo procédase a notificar o presente acordo a todos aqueles afectados coñecidos e indetectables así como á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma para que no seu caso podan facer valer os seus dereitos.

Terceiro: Unha vez rematado o prazo de alegacións, abrir un período de proba para que se presenten os elementos probatorios que se estimen oportunos, e que se consideren válidos conforme a dereito.

Cuarto: Facultar ao Sr. Alcalde para que poida asinar os documentos que sexan necesarios para executar o presente acordo.

Mondariz, 3 de agosto de 2010.—O Alcalde,  
Julio Alén Montes. **2010008844**

## A N U N C I O

El Pleno del Ayuntamiento de Mondariz, en sesión ordinaria celebrada el día 31 de julio de 2010, acordó la aprobación inicial de la modificación del Reglamento de Servicio de Ayuda en el Hogar del Concello de Mondariz, publicado en el BOP de Pontevedra nº 119 de 24 de junio de 2009, y en cumplimiento de lo dispuesto en los artículos 49 y 70.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, y en el artículo 56 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el Texto Refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de Régimen Local, se somete el expediente a información pública por el plazo de treinta días, a contar desde el día siguiente a la inserción de este anuncio en el Boletín Oficial de la provincia, para que pueda ser examinado y se presenten las reclamaciones que estimen oportunas.

Si transcurrido dicho plazo no se hubiesen presentado alegaciones, se considerará aprobado definitivamente dicho Acuerdo.

En Mondariz, a 3 de agosto de 2010.—El Alcalde,  
Julio Alén Montes. **2010008850**

\* \* \*

## MONDARIZ BALNEARIO

### A N U N C I O

*Exposición pública do Padrón da taxa por reserva da vía pública para entrada de vehículos.*

Aprobado o Padrón da taxa por reserva de vía pública para entrada con vehículos correspondentes o exercicio económico de 2010, exponse ó público, por espazo de 1 mes, contado a partir do seguinte o da inserción deste anuncio no BOP (art. 86.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do RXAP e PAC), para o seu exame e reclamación por parte das persoas interesadas. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102 da Lei Xeral Tributaria 58/2003.

Contra as débedas consignadas no Padrón contributivo e notificadas colectivamente mediante o presente anuncio, os interesados poderán interpor os seguintes recursos (art. 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

—Reposición, perante a Alcaldía deste Concello, no prazo de un mes dende o día seguinte ó da finalización da exposición pública do Padrón, que se entenderá desestimado se transcorrido un mes dende a súa presentación no se resolve de maneira expresa.

—Contencioso Administrativo, perante o Xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de 6 meses dende a súa interposición, se a resolución non fose expresa.

—Calquera outro recurso que as persoas interesadas consideren oportuno.

Mondariz Balneario, 9 de agosto de 2010.—O Alcalde, José Antonio Lorenzo Rodríguez.

**2010008935**

\* \* \*

## NIGRÁN

### Notificación

Por providencia da Alcaldía Presidencia de data 4 de marzo de 2010, acordase:

Inicialo procedemento de reposición da legalidade urbanística para determinar se as actuacións, consistentes na construción de dous casetóns e instalacións de fiestra velux, sen licenza, situados na rúa Area Alta nº 28, parroquia de Panxón, son ou non compatibles co ordenamento urbanístico vixente, e que servirá de base para a adopción da resolución que proceda en orde a súa demolición, adecuación ou solicitude da preceptiva licenza, expte. núm. RLU 10/0116, incoado a dona Ana Isabel Otero González.

O que, de conformidade co artigo 61 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, notificase, mediante a publicación da parte dispositiva de dita resolución, podendo tomar coñecemento do seu texto íntegro nas oficinas de Urbanismo do Concello de Nigrán, no prazo de dez días contados a partir da publicación deste anuncio.

Nigrán, 2 de xullo de 2010.—O Alcalde, Efrén Juanes Rodríguez.

**2010008106**

\* \* \*

**AS NEVES***Resolución de Alcaldía de delegación de funciones*

Tendo previsto ausentarme do término municipal durante o período comprendido entre os días 6 de agosto ó 28 de mesmo mes, ambolos dous inclusive, para disfrutar das vacacións anuais. De acordo co establecido nos artigos 21 da Lei 7/185 de 2 abril de Bases do Réxime Local e 43, 44 e 47 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidade Locais, RD 2568/1986 de 28 de novembro, Resolvo:

1º.—Que me substitúa a primeira Tenente de Alcalde dona María del Carmen Gil Álvarez, delegando na mesma tódalas funcións inherentes á esta Alcaldía.

2º.—Notifíquese esta resolución a interesada, sen perxuízo da súa publicación no Boletín Oficial da provincia e posta en coñecemento do Pleno na primeira sesión que tiña lugar.

O mandou e asina o Sr. Alcalde-Presidente, don Raúl Emilio Castro Rodríguez, nas Neves, a catro de agosto de dous mil dez.—O Alcalde-Presidente, Raúl Emilio Castro Rodríguez.—Ante min, A Secretaria, María Isabel Martín Alonso. **2010008848**

\* \* \*

**P O I O****A N U N C I O**

Adxudicación definitiva das obras comprendidas no proxecto incluído no FEESL, de Saneamento en Arís e Sartal.

*Entidade adxudicadora:*

Organismo: Concello de Poio (Pontevedra). Xunta de Goberno Local.

*Obxecto do contrato:*

Tipo de contrato: De obras.

Descrición: Dotación de redes de saneamento e pluviais nas indicadas zonas do municipio.

*Publicidade:*

Perfil do contratante 05/04/2010; BOP do 28/04/2010 e no DOG do 20/05/2010.

*Tramitación e procedemento de adxudicación:*

Trámite: Urgente.

Procedemento. Aberto.

*Orzamento de licitación:*

261.981,87 euros (IVE engadido).

*Adxudicación definitiva:*

Data: 19 de xullo de 2010.

Contratista: Varela Villamor.

Nacionalidad: Española.

Importe de adxudicación: 257.135,20 euros (IVE engadido).

Poio, 6 de agosto de 2010.—O Alcalde, Luciano Sobral Fernández. **2010008888**

\* \* \*

**PONTE CALDELAS****ANUNCIO DE ERRO EN PUBLICACIÓN**

Detectado por este Concello que en data 12 de Agosto de 2010, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 154, foi publicado o seguinte anuncio que procedemos a transcribir;

“Formulada e rendida a conta Xeral do Orzamento deste Concello, correspondente ó exercicio económico de 2009, e informada pola Comisión especial de Contas, na súa sesión extraordinaria do día 23 de Agosto de 2010; expónse ó público no departamento de Intervención desta entidade cos documentos que a xustifican, por prazo de 15 días hábiles, contados a partires do seguinte ó da publicación deste edito no Boletín Oficial da Provincia, para que poida ser examinada e formularse os reparos e observacións que se estimen pertinentes, durante dito prazo de exposición e os oito seguintes, de conformidade co disposto no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2 /2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. O ALCALDE Asdo.Perfecto Rodríguez Muños”.

Detectado que se trata dun erro, débese dar conta do mesmo, indicando que o prazo de exposición ao público da Conta Xeral do Orzamento 2009, non será aperturado ata que sexa ditaminada pola Comisión de Contas, e se publique anuncio de exposición ao público no Boletín Oficial da Provincia.

En Ponte Caldelas, a 12 de Agosto de 2010.—O Alcalde en funcións, Francisco Regueira Regueira. **2010009079**

\* \* \*

**PONTEAREAS****E D I C T O**

Solicitando nesta Alcaldía por doña Palmira Elba Francisco Alonso, licencia municipal par actividade de tapería (epígrafe 2.7.1. do Decreto 160/2005), sita no lugar de Chan nº 10 na parroquia de Bugarín deste municipio, e cumprindo o disposto no artigo 36, do Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos e Actividades Recreativas, sométese a

información pública por período de vinte días hábiles, tal como dispón o art. 86 da Lei 30/92, coa fin de que durante o mesmo, que comezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da provincia, poidan examinalo expediente, na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Ponteareas, a 20 de xullo de 2010.—O Alcalde,  
Salvador González Solla. **2010008358**

### A N U N C I O

O Pleno da Corporación Municipal do Concello de Ponteareas, en sesión levada a cabo o día 15 de xullo de 2010, acordou:

1º) Desestimar as alegacións presentadas por dona Beatriz Santos Ucha e don Germán Regueira Ucha.

2º) Aprobar definitivamente a modificación a Ordenanza Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI), nos seguinte termos:

O artigo 2 da citada ordenanza queda redactado:

Artigo 2: “O tipo de gravamen do Imposto sobre Bens Inmóveis queda fixado:

No 0,40 para os bens de natureza urbana.

No 0,40 para os bens de natureza rústica.

No 0,60 para os bens de características especiais”.

En aplicación da disposición transitoria décimo octava do TRLFL, establecer unha nova disposición complementaria co seguinte tenor literal:

“Establécese polo Concello como coeficiente para o cálculo de valor base, na determinación da base liquidable do IBI dos inmóveis de natureza rústica ocupados por construcións, o coeficiente de 0,7276”.

Recursos: Contra a presente modificación de ordenanza os interesados poderán interpoñer Recurso Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no BOP, ante Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Ponteareas, 20 de xullo de 2010.—O Alcalde,  
Salvador González Solla. **2010008409**

### A N U N C I O

Faise público para xeral coñecemento que esta Alcaldía dictou, con data 19 de xullo de 2010, unha resolución nomeando funcionarios de carreira

como Policías Locais (Subgrupo: C1; Escala: Administración Especial; Subescala: Servicios Especiais) os seguintes:

—Don José Enrique Leitos González, DNI:  
34.874.393-E.

—Don Carlos Carballido Ferreiro, DNI:  
35.556.433-C.

—Don Antonio Rodríguez Fernández, DNI:  
35.560.113-C.

—Don Eduardo Fernández Botana, DNI:  
35.555.816-R.

—Don José Manuel Barros Brito, DNI:  
76.893.724-D.

Ponteareas, 2 de agosto de 2010.—O Alcalde,  
Salvador González Solla. **2010008740**

### A N U N C I O

Asunto: Aprobación da lista cobratoria do período 2007-2008-2009 por cuotas pendientes por recibo de taxas e prezos públicos por servizos prestados en concepto de Auga, Sumidoiros, Depuración, Canon, Conservación e Lixos (IVE), mediante Resolución de Alcaldía de 04-08-2010.

Resolvo:

1.—Advocar as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local, respecto de este asunto en concreto e, de acordo co sinalado.

2.—Aprobar a lista cobratoria do período 2007-2008-2009 por cuotas pendientes por recibo de taxas e prezos públicos por servizos prestados en concepto de auga, sumidoiros, depuración, canon, conservación e lixos (ive).

3.—Expoñer o público a referida lista cobratoria durante un prazo de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ó da publicación no BOP para que poida ser examinado polos/as contribuíntes ou interesados nas oficinas do Concello e nas de Aquagest en días hábiles durante as horas de oficina e poidan facelas reclamacións que consideren oportunas, elevándose a definitivo con resolución das mesmas si as houbese.

4.—Asimismo faise saber que, sen perxuízo das reclamacións que se poidan presentar contra o citado listado, o prazo de ingreso en período voluntario das citadas taxas, será de dous meses a partir da citada publicación.

5.—Contra a aprobación do referido listado só poderá interpoñerse recurso de reposición, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó do remate do período de exposición pública do referido Padrón (art. 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais).

Mándao e asínao o Sr. Alcalde, don Salvador González solla, en Pontearreas, a catro de agosto de dous mil dez.—Firma, ilexible. **2010008847**

\* \* \*

## O PORRIÑO

### E D I C T O

Doniz División Transportes, S.A., solicitou da Alcaldía, licenza municipal de acondicionamento e actividade para a apertura dun establecemento dedicado a servizo de operador de transporte de mercancías por estrada e das súas actividades auxiliares e complementarias, a situar no Polígono Industrial A Granxa, parcela 9, desta localidade, en cumprimento do disposto no artigo 8.3º, do Decreto 133/2008, de 12 de xuño polo que se regula a Avaliación da Incidencia Ambiental, sometese a información pública por período de vinte días hábiles, co fin de que durante o mesmo —que empezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra— poda examinarse o expediente AM/12/10, na sección de urbanismo deste Concello, polas persoas que de algún modo se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

O Porriño, 10 de xuño de 2010.—O Alcalde, José Nelsón Santos Argibay. **2010007505**

\* \* \*

## REDONDELA

### A N U N C I O

Por resolución da Alcaldía, con data de 6 xullo de 2010, procedeuse á rectificación das bases específicas relativas a unha praza de Técnico/a de Orientación Laboral do Concello de Redondela, que se publicaron no BOP, núm. 119, de 24 de xuño de 2010 cos seguintes resultados:

1.—Rectificar as bases específicas relativas a unha praza de Técnico/a de Orientación Laboral en canto ao requisito de titulación académica da base terceira, de tal xeito que onde dí:

“Ademáis das condicións xerais sinaladas na base cuarta das bases xerais, os/as aspirantes deberán posuír polo menos o título de Diplomado/a Universitario/a en Relacións Laborais ou título equivalente ou superior en Pedagogía, Socioloxía ou Dereito”, dirá: “Ademáis das condicións xerais sinaladas na base cuarta das bases xerais, os/as aspirantes deberán posuír polo menos o título de Di-

plomado/a Universitario/a en Relacións Laborais ou Educación Social ou título equivalente ou superior en Psicoloxía, Pedagogía, Socioloxía ou Dereito”.

Redondela, 27 de xullo de 2010.—O Alcalde, Xaime rei Barreiro. **2010008724**

### A N U N C I O

Intentada a notificación a través do servizo de correos a don Fermín Fernández Rodríguez, para persoarse no expediente que se lle instrúe en relación coa baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes. Ignorándose o seu actual paradiro, realízase a presente notificación conforme prevé o art. 59.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, así como a Resolución do 1 de abril de 1997 da Presidencia do Instituto Nacional de Estatística e do Director Xeral de Cooperación Territorial pola que se ditan instrucións técnicas aos Concellos sobre a xestión e revisión do Padrón de Habitantes, para que no prazo de 15 días aleguen, por escrito, o que estimen máis conveniente na defensa dos seus intereses.

Redondela, 9 de agosto de 2010.—O Alcalde, Xaime Rei Barreiro. **2010008941**

Por resolución da Alcaldía, con data 29 de xuño de 2010, procedeuse á rectificación das bases específicas relativas a 2 prazas de Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Redondela, que se publicaron no BOP, núm. 57 de 25 de marzo de 2010 cos seguintes resultados:

1.—Rectificar as bases específicas relativas a dúas prazas de Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local en canto ao requisito de titulación académica da base terceira, de tal xeito que onde dí:

“Ademáis das condicións xerais sinaladas na base cuarta das bases xerais, os/as aspirantes deberán posuír polo menos o título de Diplomado/a Universitario/a ou título equivalente ou superior en Ciencias Empresariais ou Económicas”, dirá: “Ademáis das condicións xerais sinaladas na base cuarta das bases xerais, os/as aspirantes deberán posuír polo menos un título universitario de primeiro ou segundo ciclo”.

Como consecuencia do anterior, reábrese o prazo de presentación de instancias polo prazo de 20 días naturais a partir da última publicación deste anuncio, ben sexa no BOP ou no Diario Oficial de Galicia.

As persoas que presentaron as súas instancias para este proceso selectivo non necesitan presentalas de novo neste 2º prazo, sen prexuízo de que poidan resultar excluídos/as por non reunir os requisitos esixidos nas bases reguladoras.

Redondela, 4 de agosto de 2010.—O Alcalde,  
Xaime Rei Barreiro. **2010008942**

\* \* \*

## RODEIRO

### *Anuncio de información pública*

En cumprimento do disposto no artigo 8.3 do Decreto 133/2008 do 12 de xuño, Avaliación e Incidencia Ambiental, sométese o seguinte expediente a información pública por un período de 20 días hábiles a contar desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial da provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

Durante este prazo as persoas que se consideren afectadas poderán consultalo na Secretaría do Concello e formular as alegacións que estimen convenientes, de ser o caso.

Solicitante: Florentino Paz Bernárdez.

Expediente: Instalación de Cebadeiro de Porcino no lugar de Pereira, parroquia de Asperelo.

Rodeiro, 3 de agosto de 2010.—O Alcalde en funcións, Manuel Hermida Cidre. **2010008747**

### *Anuncio de información pública*

En cumprimento do disposto no artigo 8.3 do Decreto 133/2008 do 12 de xuño, Avaliación e Incidencia Ambiental, sométese o seguinte expediente a información pública por un período de 20 días hábiles a contar desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial da provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

Durante este prazo as persoas que se consideren afectadas poderán consultalo na Secretaría do Concello e formular as alegacións que estimen convenientes, de ser o caso.

Solicitante: Ganadería Federico, SC.

Expediente: Construcción de nave avícola para cebo de polos no lugar de A Ponte, parroquia de Pedroso.

Rodeiro, 5 de agosto de 2010.—O Alcalde en funcións, Manuel Hermida Cidre. **2010008843**

\* \* \*

## SALVATERRA DE MIÑO

### A N U N C I O

A Xunta de Goberno Local en sesión levada a cabo o día 15 de xullo de 2010, acordou aprobar a ampliación da Oferta de Emprego Público correspondente ao exercizo de 2009 (Boletín Oficial da provincia de Pontevedra nº 47 de data 10 de marzo de 2009), en cumprimento do disposto nos artigos 91 da Lei 7/85 e artigo 70 da Lei 7/2007, de 12 de abril pola que se aproba o Estatuto Básico do Empregado Público, engadindo o seguinte posto de traballo:

Provincia: Pontevedra.

Corporación: Salvaterra de Miño.

Número de código territorial: 36050.

### *Funcionarios de carreira*

Grupo A. Subgrupo A2, segundo o artigo 76 e disposición transitoria terceira da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Clasificación: Escala de Administración Especial, Subescala: Técnica.

Denominación: Arquitecto Técnico.

Nº Vacantes: 1.

En Salvaterra de Miño, a 19 de xullo de 2010.—O Alcalde Acctal. Manuel Andrés Acuña.

**2010008270**

### E D I C T O

Con data 15 de xullo de 2010, o Sr. Alcalde-Presidente deste Concello dicta Decreto polo que delega a súa representación para a celebración da Xunta de Goberno Local convocada para o día 15 de xullo ás 13,00 horas na Primeira Tenente de Alcalde, doña Marta Valcárcel Gómez.

O que se fai público en cumprimento do disposto no artigo 44.2 do R.D. 2.568/1986, de 28 de novembro.

Salvaterra de Miño, a 15 de xullo de 2010.—O Alcalde, Arturo Grandal Vaqueiro.

### E D I C T O

Con data 15 de xullo de 2010, o Sr. Alcalde-Presidente deste Concello dicta Decreto polo que establece o disfrute de parte do seu período vacacional dende o día 19 o 28 do presente mes de xullo, ambos inclusive, resolvendo en consecuencia delegar tódalas competencias e funcións que ten atribuídas a Alcaldía, no Segundo Tenente de Alcalde, don Manuel Andrés Acuña durante os días 19, 20 e

23 de xullo de 2010 e delegar tódalas competencias e funcións que ten atribuídas a Alcaldía na Primeira Tenente de Alcalde, dona Marta Valcárcel Gómez os días 21, 22, 26, 27 e 28 de xullo de 2010.

O que se fai público en cumprimento do disposto no artigo 44.2 do R.D. 2.568/1986, de 28 de novembro.

Salvaterra de Miño, a 15 de xullo de 2010.—O Alcalde, Arturo Grandal Vaqueiro. **2010008357**

\* \* \*

## SOUTOMAIOR

### A N U N C I O

Os efectos do artigo 138 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público faise público que, por Resolución da Alcaldía, de data 26 de xullo de 2010, adxudicouse definitivamente o contrato de suministro seguinte:

1.—Entidade adxudicadora, tipo de contratos, tramitación e procedemento:

- a) Organismo: Concello de Soutomaior.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría.
- c) Tipo de contrato: Suministro.
- d) Tramitación: Urxente.
- e) Procedemento: Concurso aberto.

2.—Obxecto: “Subministro e instalación de herba artificial non Campo de Fútbol Municipal de Candán (Soutomaior)”:

—Prezo do contrato: 147.800 euros e 23.648 euros de IVE.

—Data adxudicación: 26/07/10.

—Adxudicataria: Mondo Ibérica, S.A.

—Nacionalidade: Española.

—Importe total de adxudicación: 171.448 euros.

Soutomaior, 26 de xullo de 2010.—O Alcalde, Agustín Reguera Ocampo. **2010008588**

\* \* \*

## SALCEDA DE CASELAS

### A N U N C I O

Con data de 16 de xullo de 2010, ditouse decreto polo Sr. Alcalde deste Concello segundo o cal:

“Debendo ausentarme do meu posto para o desfrute de parte do meu período vacacional anual entre os días 20 e 31 de xullo de 2010, ambos inclusive e, segundo o establecido nos artigos 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 47 do Real Decreto 2568/1986, de 28

de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Resolvo:

1.—Que me substitúa en todas as miñas funcións durante tales días a Señora Primeira Tenente de Alcalde, doña Mónica Vizcaya Vázquez.

2.—A substitución no exercicio das miñas atribucións surtirá efecto dende o día 20 de xullo de 2010, ambos inclusive, sen prexuízo da preceptiva publicación deste decreto no Boletín Oficial da provincia”.

O que se fai público para o xeral coñecemento.

Salceda de Caselas, a 20 de xullo de 2010.—A Alcaldesa en funcións, Mónica Vizcaya Vázquez.

**2010008665**

\* \* \*

## T U I

### *Anuncio nomeamento funcionario de carreira*

Por resolución da Alcaldía, de data 21 de xullo de 2010, e unha vez concluído o proceso de selección, noméase como funcionario de carreira do Concello de Tui, da praza encadrada na escala de administración especial, subescala, servizos especiais, clase Policía Local, pertencente ao grupo C, subgrupo C1, categoría Policía, a don Avelino Martínez Pérez.

O que se fai público e xeral coñecemento.

Tui, 22 de xullo de 2010.—O Alcalde, Antonio F. Fernández Rocha. **2010008560**

\* \* \*

## VILAGARCÍA DE AROUSA

### A N U N C I O

Resolución de data 26 de xullo de 2010 da Alcaldía, pola que se emprazan aos interesados no recurso contencioso-administrativo P.O. 233/2010, interposto por don José de Santiago González.

O Concello de Vilagarcía de Arousa recibiu do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, providencia pola que se admite a trámite o recurso contencioso-administrativo P.O. 233/2010 contra Resolución da Alcaldía de data 05/01/2010, en virtude de cal impúxose multa coercitiva de 600 euros por incumprimento do acordo en Resolución de data 24/06/2009.

En consecuencia, esta Alcaldía acordou nesta data e de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, a remisión do correspondente expe-

diente administrativo o referido Xulgado, o cal se notifica para xeral coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento, e emprázanse para que poidan comparecer como parte nos Autos no Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra no prazo de nove días, contados desde o seguinte ao da publicación desta Resolución.

Vilagarcía de Arousa, 26 de xullo de 2010.—A Alcaldesa-Presidenta, Dolores García Giménez.

**2010008563**

## EDICTO

Por don José Luis Lorenzo Bouzón, e/r de Jostama Vilagarcía, C.B., solicitouse licenza municipal de apertura para café-bar (Epígrafe 673.2: outros cafés e bares), a emprazar na Avda. Rosalía de Castro 23-Baixo. O que se fai público, por prazo de dez días hábiles, de conformidade co establecido no Real Decreto 2816/1982, do 27 de agosto, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas, podendo no devandito prazo presentar contra o mesmo as reclamacións que estimen oportunas.

Vilagarcía de Arousa, 12 de xullo de 2010.—A Alcaldesa-Presidenta, María Dolores García Giménez.

**2010008558**

## ANUNCIO

O Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa, en sesión celebrada o día 29 de xullo de 2010 adoptou entre outros o seguinte acordo:

—Aprobar inicialmente o Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar.

De conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, expónse ó público polo prazo de trinta días, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da provincia, co fin de que durante este prazo os interesados poidan examinar o expediente nas oficinas da Casa do Concello e presentar contra o mesmo as reclamacións que estimen oportunas.

No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, a teor do disposto no artigo 49.c da Lei 7/1985.

En Vilagarcía de Arousa, a 2 de agosto de 2010.—A Alcaldesa, Dolores García Giménez.

**2010008732**

\* \* \*

## VILABOA

*Anuncio relativo á incoación de expedientes de baixas de oficio no Padrón Municipal de Habitantes.*

De conformidade có establecido na resolución conxunta da Presidencia do Instituto Nacional de Estatística e do Director Xeral de Cooperación Territorial, pola que se dictan instrucións técnico ós Concellos, sobre a xestión e revisión do Padrón Municipal de 9 de abril de 1997, publícase o presente anuncio para poñer en coñecemento das persoas que a continuación se relacionan, xunto co seu expediente e enderezo que:

Comprobado polo Concello de que non residen no domicilio no que figuran inscritos na folla padroal, e consonte ó establecido no artigo 72 do Real Decreto 1690/1986, de 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais (na súa redacción dada polo Real Decreto 2162/1996, de 20 de decembro) comunícolle que se procedeu a incoar de oficio expediente para proceder a darlle de baixa no padrón de habitantes deste Concello, por non cumprir os requisitos establecidos no artigo 54 do devandito regulamento.

Nome: Mustapha Aboufaris.

Nome da vía: Alcouce nº 6.

Así mesmo, comunícolle que dispón de dez días, a contar dende a publicación do presente anuncio, para manifestar se está ou non de acordo coa baixa, podendo, neste último caso, alegar e presentar os documentos e xustificacións que estime oportunas, co obxecto de acreditar que é neste Concello no que reside o maior número de días ó ano. No caso de que non efectúe alegación ningunha, unha vez transcorrido o prazo sinalado para estes efectos, levarase a cabo a baixa previo informe favorable do Consello de Empadramento.

Pontevedra, 9 de xullo de 2010.—O Alcalde, José Luis Poceiro Martínez.

**2010007949**

\* \* \*

## VALGA

## ANUNCIO

Tramitada licenza para legalización de actividade de “confitería-pastelería-café bar”, instalada na Avda. A Coruña 5-Baixo A (Valga), a instancia de dona Sandra Elisabeth González Raffo sométese a información pública, durante vinte días hábiles desde a publicación do presente anuncio no BOP, para que, quen se vexa afectado dalgún modo por dita actividade, presente as observacións que considere pertinentes.

O expediente obxecto desta información pódese consultar nas dependencias municipais en horario de oficina.

Valga, 21 de xuño de 2010.—O Alcalde, José María Bello Maneiro.

**2010007868**

## A N U N C I O

Aprobado por acordo Plenario de data de 27 de xullo de 2010 o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Prescripcóns Técnicas, que ha de rexer a adxudicación de dúas licenzas de autotaxi para o Municipio de Valga, exponse ao público durante un prazo de vinte días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que poidan presentarse as solicitudes de participación polos interesados.

Os pregos atópanse publicados no perfil de contratante: *www.valga.es*

Valga, 28 de xullo de 2010.—O Alcalde, José María Bello Maneiro. **2010008845**

## A N U N C I O

De acordo co disposto no art. 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, faise público o acordo adoptado polo Pleno do Concello de Valga en sesión ordinaria de data 27 de xullo de 2010, polo que se Reduce o salario de cargos electos municipais con dedicación exclusiva, respecto do salario a 31 de maio de 2010, do seguinte xeito:

Alcaldía – Presidencia: 6 % do salario

Segunda tenencia de Alcaldía: 5 % do salario

Valga, 28 de xullo de 2010.—O Alcalde, José María Bello Maneiro. **2010008846**

\* \* \*

## T O M I Ñ O

## E D I C T O

Aprobados inicialmente polo Pleno do Concello de Tomiño, na sesión extraordinaria celebrada o 6 de agosto de 2010, o num. 09/10 consistente nunha transferencia de créditos. modificación do anexo de investimentos e da finalidade da operación de préstamo expropiación de terreos colector 2008.

En cumprimento do disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e no R.D. 500/90, queda exposto ó público na oficina de Intervención, durante o prazo de 15 días hábiles contados a partires da publicación deste anuncio no Boletín Oficial de Provincia, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e facer as reclamacións que estimen oportunas, e que se considerará definitivamente aprobado, no suposto de non presentarse ningunha reclamación.

Tomiño, 6 de agosto de 2010.—A Alcaldesa, Sandra González Álvarez. **2010008849**

MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS  
DO MORRAZO

## A N U N C I O

*Cobranza en voluntaria do Padron Fiscal da Mancomunidade de Concellos do Morrazo, correspondente a Taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública (Taxa pola recollida do Lixo), primeiro semestre do exercicio 2010.*

Aprobado mediante resolución da Presidencia de data 26 de xullo de 2010 o Padrón Fiscal da Mancomunidade de Concellos do Morrazo, correspondente a Taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública (Taxa pola recollida de Lixo), primeiro semestre do exercicio 2010, exponse ó público por espazo de 15 días, a partires do seguinte día no que este Anuncio fora publicado no Boletín Oficial da provincia, a efectos, de examen e reclamacións.

De conformidade co previsto no artigo 12 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación cos artigos 87 e 88 do Regulamento Xeral de Recadación, comunícaselles ós contribuíntes afectados que o período voluntario de cobranza do mencionado Padrón será do 10/08/2010 o 11/10/2010 ámbalas dúas datas inclusive.

O importe poderá satisfacerse, consonte co artigo 86 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación a través de calquera Entidade Bancaria, empregando os instrumentos de ingreso (Recibos), que se enviarán ó domicilio declarado do contribuínte por correo ordinario.

No caso de perda do devandito instrumento, o obrigado ó pagamento poderá ata o día 11 de outubro do 2010 obter un duplicado na Oficina de Xestión Tributaria da Mancomunidade do Morrazo sita na Rúa Eduardo Vicenti nº 53 Baixo, Bueu (Pontevedra). Tlfno. 986390034.

Os contribuíntes que a 10 de setembro de 2010 non tivesen recibido nos seus domicilios os instrumentos de ingreso disporán do mesmo prazo, para solicitados na oficina indicada, e efectua-lo pagamento nas Entidades Bancarias, posto que a non recepción non exonera da obriga do pagamento, e non impide a utilización da vía de constrinximento.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva, ó abeiro do art. 102 da vixente Lei Xeral Tributaria.

O vencemento do prazo en período voluntario, sen ter sido satisfeita a débeda, determinará o comezo do procedemento de constrinximento, a percepción do recargo do 5%, 10% o 20% e demais conceptos esixibles tal e como se fixa no artigo 128 da Lei Xeral Tributaria e no artigo 91 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións incorporadas o mesmo podrá interperse recurso de reposición ante a Presidencia da Manco-

